

SESIÓN 9 “CONVIVENCIA VIRTUAL” NARÓN

Boas xente!

Como estades? Agardo que vos atopedes ben e as vosas familias tamén. Hoxe quería aproveitar esta carta para despedirme, xa que o obradoiro que comezamos en outubro chega ao seu fin. Nunca imaxinei ter que despedirme así, porque evidentemente non estaba na programación da actividade que viñera unha pandemia mundial que nos impediría a posibilidade de convivir nas aulas; pero dende logo que o coronavirus púxonos o grande reto de convivir moito tempo nas nosas casas sen case saír delas. E tamén deunos moitas aprendizaxes que de seguro vos levades destes meses: convivir con vós mesmos/as, compartir máis tempo coas vosas familias (das que en numerosas veces me falabades), coidar máis que nunca ás vosas mascotas, convivir cos vosos medos, coas vosas alegrías e tristezas, cos vosos sonhos e preocupacións, conectar con decenas de persoas a través das pantallas, cos vosos compañeiros/as de clase, coñecer outras realidades case de ciencia ficción, ler libros e tocar instrumentos, aprender coas clases e profes virtuais, ver pelis, series e escoitar músicas diversas, desfrutar con xoguetes e xogos esquecidos e supoño que convivir con multitude de emocións, sensacións, pensamentos e opinións. Pois propóñovos rematar cun exercicio que me gustaría que fixerades na casa, coas vosas familias, amizades ou compañías varias, con quen queirades! Trátase de dicir estas tres palabras (PERDÓN, PARABÉNS E GRAZAS), de corazón, á persoa ou persoas que sintades, poden ser as tres á mesma, cada unha delas a persoas distintas...coma vós consideredes, pero si de maneira sincera. Aló van as miñas e agardo de verdade que cada unha das persoas que o leades vos sintades identificadas, porque estades dunha ou outra maneira nalgunha delas:

PERDÓN:

Polas veces que ao mellor non conseguín entenderte ou non te escoitei o suficiente; por se algunha vez dixen ou propuxen algo co que non te sentiches cómodo/a, ou que che molestou de algunha maneira; perdoa se algún día cheguei tarde á túa clase (ás veces as emocións, os conflitos e os xogos noutros grupos facíanme perder a noción do tempo); perdón polos meus erros; perdón se non souben axudarche a resolver algún problema ou se esperabas de min ou do obradoiro outra cousa...

PARABÉNS:

Por aprender a escoitar mellor ás persoas; por recoñecer equivocacións e saber pedir desculpas; por esforzarte en mellorar; por demostrar empatía co que iso custa ás veces; por aguantar isto da pandemia con tanta valentía; por aprender dos erros; por liberarte desa emoción ou pensamento que che pesaba na mochila; parabéns a ti que pensaches no que falamos e cambiaches algunhas cousas e actitudes que sabías que molestaban ao grupo ou a ti mesmo/a; parabéns por aceptarte e aceptar ás demais persoas; por respectar máis...

GRAZAS:

Por compartir as túas emocións e opinións comigo; por abrir na túa clase "unha círculo" grupal do que saíron cousas chulísimas; por participar con ilusión en cada xogo e dinámica de grupo que che propoñía; por escoitarme e animarme os días que me sentiches triste e agobiada; grazas por enviarme as túas actividades e reflexións durante o encerro; polas palabras de agradecemento; polas risas e momentos divertidos que me fixeches pasar; polas miradas cómplices e os silencios (tan necesarios ás veces); grazas polas apertas cando aínda non estaban prohibidas; polos recibimentos efusivos (sei que ademais de "perder clase", no fondo comprendes o meu traballo e o que se consegue na clase); grazas por axudarme e axudar ao grupo; grazas por ensinarme tanto e grazas por ser TI 😊

Podes compartir comigo as túas palabras ou aquelas que lle dixeches a outras persoas, ou simplemente comentar o que sentiches coa actividade ou coas palabras que recibiches doutras persoas, faino como máis che apeteza. E quería pedirvos un último favor, que me axudedes a valorar a actividade e opinades sobre o obradoiro, cubrindo unha enquisa de valoración de xeito anónimo (sen escribir quen sodes); podedes atopala no seguinte enlace: https://docs.google.com/forms/d/e/1FAIpQLSfPkEkp4SCXlfdIN3zSoWEewQ75EahqNoobBjHk_D62ueNxEg/viewform

É sinxelo de cubrir, so tedes que pulsar na opción que queirades e escribir as respostas que pensades nos espazos correspondentes e ao final darlle ao cadriño azul que pon **Enviar/Submit** para que queden rexistradas as vosas respostas e me cheguen a min. Se tedes problemas co enlace ou dúbidas co cuestionario, escribídemme e vos explico ou volo envío ao voso correo para que o poidades cubrir. Tedes ata o **7 de xuño para cubri-lo**, porque preciso telos para realizar a memoria do obradoiro e faríame moita ilusión recibilos de todo o mundo que participou nos obradoiros este curso (sírvenme tamén para seguir aprendendo e mellorar); así que grazas de antemán!

Moitísimo ánimo coas semanas que quedan de curso escolar e sentidiño nas últimas fases da desescalada; que xa sabedes que so con responsabilidade e xunt@s poderemos co virus!

Agardo as vosas respostas ou ben contádeme escribindo a: raquel.atalaiasocial@gmail.com (lembra de indicarme nome, curso e centro escolar). Estamos en contacto, agora e sempre, para o que queirades contarme, propoñer ou necesitedes compartir.

Aperta virtual e feliz verán para vós e as vosas familias!

Raquel

